

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENCIAS URBANÍSTICAS.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATURALEZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, este Concello establece a taxa por outorgamento de licencias urbanísticas a que se refire o art. 20.4.h) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais; que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do devandito texto.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible, a actividade municipal, técnica e administrativa realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos a licenza municipal a que se refire o artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que vaian a realizarse no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas de edificación e policía previstos na devandita lei, así como nas vixentes Normas subsidiarias de planeamento e posteriormente no Plan xeral de ordenación municipal.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

- 1.-Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas as entidades a que se refire o artigo 35.4 da LXT, que soliciten, provoquen, ou no seu interese redunden as prestacións ás que se refire a presente ordenanza.
- 2.-Terán a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamento das licencias urbanísticas os constructores e contratistas das obras.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

- 1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.
- 2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 44 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

Constitúe a base imponible desta taxa:

- 1.-O custo real e efectivo da obra, construción ou instalación, entendéndose por tal, a estos efectos, o custo de execución material daquela, do que non forman parte, en ningún caso, o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios

de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionados con ditas construcións, instalacións ou obras nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre estrictamente o custo do execución material.

2.- O valor que teñan asignado os terreos aos efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis, cando se trate de parcelacións urbanas.

A cota tributaria determinarase mediante a aplicación á base imponible do tipo de gravame do 0,75%. Para as taxas por outorgamento de licenzas de primeira ocupación será do 0,5%.

3.- Para garantir a reposición do pavimento nas vías públicas, o petionario da lienza terá que constituír ademais un depósito que se ingresará na Tesouraría, que será devolto unha vez que conclúan as obras e certifiquen os servizos técnicos municipais que se atopa en perfectas condicións. Para o caso das obras novas o aval devolverase cando se outorgue a licenza de primeira ocupación.

A contía do aval será determinado polos servizos técnicos municipais, á vista da documentación aportada polo interesado na solicitude e o tipo de urbanización afectada.

Determinado o importe notificaraselle ao petionario xunto coa liquidación provisional do Imposto.

ARTIGO 6.º NORMAS DE XESTIÓN, ADMINISTRACIÓN E COBRANZA

1.-Os dereitos desta Ordenanza son compatibles con calquera outro por aproveitamentos especiais ou por prestación de servizos distintos.

2.-Será previa á licenza de obras de nova planta, a solicitude de informe para demarcación de alinacións e rasantes, sempre e cando así o esixa a oficina técnica.

3.-Para as obras que leven consigo a obriga de colocar vallas ou andamios, esixirase o pago dos dereitos correspondentes a este concepto, liquidándose simultaneamente á concesión da licenza de obras, según as tarifas recollidas na ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construción, desentullo, valados, puntais, argolas andamios e outras instalacións análogas.

Artigo 7.º. TRAMITACIÓN

1.-As licencias para instalacións, obras e construcións, solicitaranse por medio de instancia dirixida ó Sr. Alcalde, na cal figuraran os documentos que deberá de aportar o interesado.

Nos supostos de falla de calquera dos documentos esixidos, actuarase conforme ó previsto no artigo 71 da Lei de Procedemento Administrativo.

2.-A solicitude poderá ser formulada polo interesado, ou polo contratista de obras, pero farase constar o nome e enderezo do propietario do inmovible, do arrendatario do mesmo cando as obras se realicen por conta e interese deste, así como a expresa conformidade ou autorización do propietario.

3.-Se despois de formulada a solicitude de licenzia se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración Municipal acompañando o novo presuposto reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación. Se a reforma se pretende incluír nas obras xa autorizadas, deberá tramitarse de igual xeito que si de nova construción se tratase, e con abono dos novos dereitos.

4.-Polos servizos urbanísticos remitirase o expediente á Secretaría que procederá a recabar os informes técnicos regulamentarios sobre a procedencia da concesión de licenzia solicitada.

5.-Evacuados os informes polo negociado correspondente, formularáse proposta de resolución que deberá ser motivada nos supostos en que fora denegatoria.

Artigo 8.º RESOLUCION

O órgano municipal competente, adoptará a resolución que procedera en canto ó outorgamento da licenzia solicitada .

Artigo 9º.- DEVENGO DA TAXA E NORMAS DE XESTIÓN

1. Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude polo suxeito pasivo se formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen obter a previa licenzia , a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou a súa demolición se non fosen autorizables.

3. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, cando medie solicitude do interesado, e no suposto de que se inicie o expediente de oficio, por liquidación practicada pola Administración Municipal.

No primeiro dos supostos os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación nos impresos habilitados ao efecto pola administración municipal e realizar o ingreso na entidade bancaria autorizada, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude. Non se tramitará esta ata que quede acreditado o pago íntegro da taxa en concepto de depósito previo.

4. Cando os servizos municipais comprobaren que se realizou unha construción ou obra, ou se está exercitando calquera actividade sen obter a previa licenzia preceptiva, considerarase o acto de comprobación como a iniciación do trámite desta última, con obriga do suxeito pasivo de aboar a taxa establecida sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda pola infracción urbanística cometida ou a adopción das medidas necesarias para o adecuado desenvolvemento das normas urbanísticas.

5. O pago da autoliquidación presentada polo interesado ou da liquidación inicial notificada pola Administración Municipal ten carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que proceda se esta fora necesaria.

Artigo 10.º. NOTIFICACIÓNS

1.-Aprobada dita resolución, polo negociado practicarásese a notificación os interesados e comunicárase dita resolución ós Servicios Municipais responsables da execución do acordo municipal.

2.-A execución das obras queda sujeta á vixilancia, fiscalización e revisión do Concello, que a exercerá a través dos seus Técnicos e Axentes.

3.-As liquidacións iniciais terán carácter provisional ata que unha vez rematadas as obras sexa comprobado pola Administración Municipal o efectivamente realizado e o seu importe, requirindo para elo dos interesados as correspondentes certificacións de obras e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. A vista do resultado da comprobación practicarase a liquidación definitiva.

4.-As licencias e as cartas de pago ou fotocopias dunhas e outras, obrarán no lugar das obras mentres duren éstas, para poder ser exhibidas a requirimento dos Axentes a Autoridade Municipal, quenes en ningún caso poderán retiralas por ser inexcusable a permanencia destes documentos nas obras.

5.-En tódalas obras maiores que precisen documento técnico para a súa tramitación, deberá colocarse en lugar visible das mesmas, un cartel enunciativo das súas características, según as condicións da licenza outorgada. As dimensións mínimas do cartel serán de 80 x 120 cms. (de altura) e deberá conter os datos seguintes: Concello de Arzúa, data de autorización e número da licenza, data de expedición, características da edificación (altura linea de fachada, prantas autorizadas, voo, prazo de execución, destino, promotor e dirección facultativa).

Artigo 11.º. CADUCIDADE E DURACIÓN

1.-Cando o interesado renuncie á licenza solicitada, se ésta aínda non foi concedida polo órgano competente, devolveraselle o 80% da cuota satisfeita por dereitos de licenza. Comprobarase previamente que as obras non foron iniciadas, pois de telo sido non procederá ningún tipo de devolución.

2.-Consideraránse caducadas as licencias nos termos e condicións establecidos no artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

ARTIGO 12.º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

As sancións que procedan por infraccións cometidas por incumprimento do disposto nesta Ordenanza, serán independentes das que poideran arbitrarse por infraccións urbanísticas, con arranxo ó disposto no Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia

Artigo 13.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos arts. 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e demais normativa aplicable e o que dispoña a Ordenanza Xeral de Inspección, Xestión e Recadación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior reguladora da taxa por licencias urbanísticas.

Disposición derradeira

A presente ordenanza fiscal, e a súa redacción foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de outubro de 2007, modificada por acordo de data 14 de maio de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.